

POCTEP transfronteirizo, innovación aberta, living labs, CPI, transferencia de resultados, Intelixencia Artificial

Centro transfronteirizo de Innovación para impulsar a adaptación dos sistemas públicos de saúde

Os servizos sanitarios de Galicia e Norte de Portugal enfrontan unha situación de fragilidade estrutural debido á dispersión territorial e ao progresivo envellecemento da súa poboación, o cal impacta especialmente na atención primaria e sociosanitaria, dificultando a prestación de servizos eficientes e equitativos; urxindo, por iso, un cambio de paradigma cara a unha asistencia sanitaria e socio sanitaria coordinada, proactiva e centrada no paciente.

Desta maneira, o proxecto IntegraSaúde de 3 anos de duración, dará impulso á adaptación dos sistemas públicos de saúde, con consideración do ámbito sociosanitario, cara a unha efectiva atención centrada na persoa en base aos seguintes ámbitos de actuación: Empoderamento do paciente e accesibilidade universal ao Sistema de saúde; Reforzo da investigación e avance cara á coordinación socio-sanitaria; Innovación sanitaria bottom-up; e Descubrimento de capacidades da IA en saúde.

Socios:

- Axencia Galega de Coñecemento en Saúde - coordinadores
- Universidade de Vigo
- Asociación Clúster Saúde de Galicia CSG
- i3S Instituto de Investigación e Innovación en Saúde da Universidade do Porto
- Facultade de Farmacia - Universidade do Porto (FFPU)
- Santa Casa da Misericórdia do Marco de Canaveses
- Cruz Vermella Portuguesa - Delegación de Braga

Orzamento total: 1.202.074,08 EUR

Período: 2026 - 2028

Páxina web:

CONTIDOS
RELACIONADOS

Axenda da xornada de presentación do proxecto de innovación transfronteiriza IntegraSaúde o 27 de abril no salón de actos da Consellería de Sanidade 

Acto de presentación do proxecto IntegraSaúde 27 abril 2026 	>
A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde lidera o proxecto transfronteirizo IntegraSaúde para acelerar proxectos de innovación en saúde	>

